



Vilcabamba 2013/2014

Hora de reflexión: O proxecto de cooperación ao desenvolvemento cumpre 15 anos e entra nunha nova fase

A situación en Vilcabamba:

Transcorrerón quince anos no distrito de Vilcabamba e entramos nunha nova fase. Neste período de tempo producíronse grandes cambios no Perú e en España e estámonos a propoñer novos obxectivos para Labañou Solidaria en Vilcabamba.

En España, a crise económica e os cambios políticos provocaron unha importante diminución das achegas institucionais para cooperación internacional e axuda ao desenvolvemento.

As dúas institucións das que ao longo destes anos recibiu financiamento Labañou Solidaria - Xunta de Galicia e Concello da Coruña- suprimiron para 2014 as convocatorias de financiamento de proxectos de cooperación. Labañou Solidaria continúa traballando financiándose exclusivamente por recursos propios: cotas de socios/ás, recadación na sardiñada, venda de camisetas, axendas e outros obxectos.

En Perú a situación económica e política cambiou de xeito radical nos quince anos que levamos traballando alí. Dende hai varios anos, Perú é un dos países emerxentes, con forte crecemento do PIB - Produto Interior Bruto- e doutros indicadores macroeconómicos. Aínda que este crecemento se está a producir de forma moi desigual. Nótase fundamentalmente nas grandes cidades e non tanto nos

distritos andinos ou de selva, onde se manteñen bolsas de pobreza e gran parte da poboación non se beneficia das melloras económicas.

Os cambios a nivel político tamén foron moi importantes. Despois dos gobernos autoritarios e xenocidas de Fujimori e Montesinos (hoxe os dous no cárcere) está consolidado un réxime de democracia parlamentaria con importantes mecanismos de descentralización do poder ás rexións.



Casa Labañou Pucyura Vilcabamba

No distrito de Vilcabamba a situación tamén cambiou moito como consecuencia da repartición de importantes cantidades de diñeiro procedentes do canon que achegan por lei cada ano as empresas que explotan o gran depósito de gas de Camisea, situado no norte da provincia da Convención á que

tamén pertence Vilcabamba.

Da situación de extrema pobreza e falta de recursos públicos que coñecemos cando chegamos a Vilcabamba, pasamos a unha nova situación na que as institucións locais dispoñen de importantes presupostos; aínda que con frecuencia se manifesta un problema de escasa capacidade técnica e política para a súa administración, con evidentes mostras de corrupción, clientelismo e mala praxe, que impiden un xusto repartición dos fondos dispoñibles así como investimentos coherentes que promovan un desenvolvemento sostible e equitativo.



Resultados dos proxectos chacra

Mantense no distrito a situación de "estado de emerxencia", declarada polo Goberno en 2011 pola reactivación do terrorismo. Nas selvas e montañas da zona oeste do distrito mantén as súas bases o grupo dirixido polos irmáns Quispe Palomino, que se considera descendente de Sendeiro Luminoso.

derrubas que mantiveron ao distrito de Vilcabamba practicamente incomunicado durante meses, a pesar do cal no mes de outubro de 2013 dous compañeiros de Labañou Solidaria viaxaron a Vilcabamba para facer o seguimento do proxecto.

Por este motivo o exército mantén unha forte presenza no distrito, onde instalaron varias bases permanentes e se mantén a declaración de toque de queda, con prohibición de movementos nocturnos, en amplas zonas do distrito.

Esta situación provocou unha importante diminución na afluencia de turismo internacional, aínda que se incrementa pouco a pouco o turismo interior, sobre todo procedente da capital da provincia.

En 2013 e 2014 rexistráronse fortes chuvias e importantes

Os obxectivos para o 2014

Neste contexto, a Xunta Directiva de Labañou Solidaria propón os seguintes obxectivos para este período:

1/ Capacitación agropecuaria:
Queremos manter o proxecto de capacitación agropecuaria centrado especialmente na mellora dos cultivos familiares, que segue dando moi bos resultados. Sostense mediante o traballo na zona de Sulpicio Flores, enxeñeiro agrónomo contratado por Labañou Solidaria dende hai anos, que é o noso representante institucional no Perú.

Durante os meses de outubro e novembro de 2013 dous membros da xunta directiva puidemos comprobar como este proxecto cambiou substancialmente a vida de moitas familias non só nutricionalmente senón en termos de menor vulnerabilidade ao desabastecemento provocado polo illamento e a inflación senón tamén en termos de empoderamento das mulleres que non só levantaron

pequenos negocios senón que continúan ampliándoos e explorando novas oportunidades, en ocasións individualmente pero tamén colectivamente. Tamén é necesario dar recoñecemento ao noso enxeñeiro Sulpicio Flores que traballou moi duramente. Comezamos asesorando para o cultivo de produtos de horta e ampliamos o noso apoio á cría de animais menores para o consumo familiar e mesmo para a venda.

2/ Casa da Cultura en Vilcabamba.
Alcanzamos un acordo co Ministerio de Cultura do Perú para doar o edificio e as instalacións da nosa Casa de Labañou en Pucyura para a instalación da "Casa da Cultura" de Vilcabamba. Tras unha longa negociación, asinarase o documento legal de doazón ao Ministerio de Cultura do Perú nun acto público no mes de maio. Este documento de doazón compromete o Ministerio de Cultura en que a casa será utilizada para fins de divulgación, protección e promoción da cultura, mantendo o seu uso comunitario e conservando o nome de Casa de Labañou.



Familias de Ollara Vilcabamba

Con esta doazón conseguimos que unha institución estatal de maior percorrido, estabilidade e visión estratéxica de conxunto participe activamente no desenvolvemento e a protección do patrimonio de todos os e as vilcabambinos/as.

Aseguramos así unha xestión libre dos vaivéns da política local e con persoal profesional e capacitado para asegurar a protección e explotación racional e sostible do patrimonio para as futuras xeracións.

3/ Café no val de San Miguel. Dende que en 2012 solicitaron a nosa axuda comunidades campesiñas de val de San Miguel, situado ao norte do distrito, apoiámos e ofrecemos asesoramento técnico, para que poidan acceder ao mercado de café orgánico e comercio xusto.

Para apoiar os produtores de café daquel val neste proceso, desprazarase nos meses de abril e maio de 2014 a Vilcabamba unha compañeira experta neste sistema de comercialización, Lucía Vázquez Salinas, xunto co enxeñeiro Sulpicio Flores.

Durante 2013 establecemos os contactos oportunos coas propias institucións peruanas para que o proceso de achegamento a estes mercados sexa financiado con fondos peruanos específicos para o desenvolvemento e a mellora das cadeas produtivas. En 2014

acompañarémolos na solicitude dos fondos ofrecendo asesoramento para asegurar a participación das familias cafetaleras no deseño das intervencións, promovendo o seu empoderamento e apropiación dos procesos, para garantir a maior sostibilidade e equidade posible de cara ao futuro.

4/ Microcréditos.

Dende que no ano 2007 comezamos a experiencia de concesión de microcréditos solidarios en Vilcabamba, achegamos a suma de **9.000 Euros, aprox. 32.550 Soles**, para este obxectivo. O diñeiro concedido como préstamos, unha vez devolto polos seus beneficiarios, serviu para a concesión de novos microcréditos. Polo que este diñeiro circulou ata este momento en cinco ocasións o que supuxo o investimento total de **61.978 Soles, aprox. 17.137 Euros**, en beneficio da poboación de Vilcabamba, sempre con perspectiva de xénero.

Este diñeiro foi utilizado para conceder 45 créditos principalmente para microproxectos familiares (aloxamentos para turistas, crianza de polos, melloras dos hortos ...).

Pretendemos que nos próximos meses a xestión destes microcréditos quede integramente en mans das propias organizacións vilcabambinas.

5/ Acto Público e Sardiñada. No mes de xuño realizárase na Coruña o Acto Público de rendición de contas e en xullo a sardiñada solidaria en Labañou. Hai que destacar que, pola desaparición das axudas institucionais para cooperación internacional, este acto festivo se converteu nun evento fundamental para o financiamento dos nosos proxectos.



Xuntanza dos cafetaleros de San Miguel, Vilcabamba

Informe Económico do Ano 2013

A cordilleira de Vilcabamba encontrase a uns 350 Km ao noroeste de Cusco.

O Distrito de Vilcabamba ten unha poboación de 17.832 habitantes no ano 2010, 52,54% de homes e 47,46% de mulleres, segun INEI (Instituto Nacional de Estadística e Informática) do Perú, nunha extensión de 23.000 km².

A capital da provincia e Quillabamba



Ingresos 2013

Cuotas Socios	6.190,00
Doazóns Particulares	213,50
Sardiñada Solidaria en Labañou	1.297,71
Propaganda e Mercadillo 2 Mao	46,00
Subvención Concello de A Coruña Proxecto Chacra Ano 2013	4.502,00

Total Ingresos: 12.249,21

Saldo Ano 2012 España 13.924,20

Saldo Ano 2012 Perú en € 1.208,61

Total Fondos Ano 2013 27.382,02

Gastos 2013

Proxecto Chacra
inclúe salario técnico Perú 6.496,88

Mantemento Casa en Perú 186,92

Gastos Xerais Perú 456,83

Gastos Bancarios Perú 30,98

Gastos expedición 2013 4.191,00

Propaganda 236,75

Gastos Xerais España 208,24

Gastos Bancarios España 413,82

Total Gastos: 12.221,43

Saldo Ano 2013: 15.160,59

Fondos España 2014 15.175,64

Fondos Perú en € 2014 1.451,20

Total Fondos 2014 16.626,84



Coñécenos, Colabora, Faite Socio/a ...

www.labanousolidaria.org

labanousolidaria@gmail.com

Asociación Labañou Solidaria, Rúa Nosa Sra. do Perpetuo Socorro, 13 baixo 15011 A Coruña

Luis Astray (8 a 15 h.)

Tfno. 981 268 384.

Aportacións a Labañou Solidaria:

Concha Sánchez

Tfno. 628 416 644.

Nº CC.- 2091-0716-30-3040001223